

1 Cal é o significado destes estranxeirismos?

hobby:

fan:

footing:

cásting:

2 Fíxate nestes enunciados e completa o seu nome:

Ai! Ala! Uf! Ah! Bravo!

I X

3 Separa o suxeito do predicado nas seguintes oracións:

- Un grupo de científicos galegos descubriu unha vacina nova.
- Ela escachaba coa risa.
- A miña nai está hoxe moi contenta.
- As lentes do profesor de Ciencias Sociais son vermellas.
- Agora, subliña o núcleo do suxeito e o núcleo do predicado.

4 Transforma estas oracións segundo se indica:

– Xabier é profesor de baile. → interrogativa

.....

– Chamaches a Pedro para avisalo do exame? → imperativa

.....

– Talvez vaíamos mañá de excursión. → enunciativa

.....

– O concurso de debuxo será este venres. → desiderativa

.....

5 Atopa dous erros na ortografía das seguintes palabras e escríbeas correctamente:

esquerda pizza mesquita cepelín bizcoito mestura

.....

7 Inventa un acurtamento para os nomes dos protagonistas desta obra de teatro:

Amorodo: Casimiro:

- Agora, escribe a variante familiar dos seguintes nomes:

Francisco: Henrique:

Xosé: Ramón:

8 No teatro, que ten que ocorrer para cambiar de escena?

.....

9 Fíxate nestas oracións e escribe PN (Predicado Nominal) ou PV (Predicado Verbal), segundo corresponda:

- No seu estudo hai moitas cousas.
- Casimiro é un sapo.
- O seu laboratorio parece un almacén.
- O doutor Amorodo necesita unha lupa.
- Este texto forma parte dunha obra de teatro.

10 Completa estas oracións cun complemento:

- A miña veciña mercou
- Os alumnos e alumnas de 6.º fixeron
- Para comer, pedín
- O profesor explicou
- A nena cantou

- Os verbos deste exercicio, son transitivos ou intransitivos?

11 Completa as seguintes palabras con *-cia/-za* e *-cio/-zo*:

existen	espa	benefi	pre	xuí
xusti	perten	exerci	gra.	noti
edifi	presen	comer	farma	cari